



De Ceivar queremos denunciar as sançons que estam chegando à militância do noso organismo na comarca de Compostela e a de outra organizaçõs independentistas e nacionalistas polo facto de colar cartazes nas ruas da cidade em espazos onde já existiam outros, incluso do próprio concelho. Este tipo de atitudes sancionadoras demostra, umha vez mais, o talante punitivo do goberno da cidade compostelá que presume de "progresista".

Publicamos a continuación a nova que ao respeito aparece no diário digital [Sermos Galiza](#) :

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago, presidida por Martiño Noriega, acordou propor para sanción persoas de organizaçõs xuvenís nacionalistas e independentistas por poñeren cartalaría nos mesmos lugares onde loce publicidade da Concellaría de Educación, dos Orzamentos Participativos, dos encontros do alcalde coa veciñanza, da Cidade da Cultura e do Pazo de Congressos, entre outros.

O pasado verán, días antes do Día da Patria, o alcalde **Martiño Noriega** publicaba un bando para lembrar o contido da ordenanza do PP coas prohibicións existentes sobre publicidade no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.

Nas últimas xuntas de goberno aprobáronse os apercibimentos de sanción a, no mínimo, 6 persoas de diversas organizaçõs estudantís e organizaçõs nacionalistas e independentistas que adoitan organizar actividades políticas ao redor do 25 de xullo, actos reivindicativos estudantís, polos dereitos democráticos e a favor do referéndum de Catalunya. Algunhas delas

xa foron notificadas e teñen un prazo de 15 días para recorrer as multas.

Estas propostas de sanción veñen motivadas por colocar cartelaría, tanto na zona nova como na zona vella de Compostela, en soportes que na ordenanza municipal de Convivencia, Residuos e Limpeza viaria non se consideran adecuados. Porén, **Santiago de Compostela continúa sen dispor de espazos destinados á comunicación social en lugares céntricos**, visíbeis e transitados, o que se podería interpretar como unha limitación á liberdade de expresión e de difusión destas actividades, como advirten dende a **Plataforma polos Dereitos Cívís**

As persoas obxecto de sanción, algunhas delas identificadas por policía de paisano, estaban a pór cartaces para anunciar actos onde se adoitan publicitar tamén actividades organizadas pola Xunta e polo propio Concello de Santiago de Compostela. **Este feito tipifícase como infracción leve, sancionábel con multa de até 750 euros** segundo consta nestes recentes decretos asinados polo concelleiro de Medio Ambiente, **Xan Duro**, cos apercibimentos de sanción.

Escaparates con cartaces do Día Internacional da Cidade Educadora, do departamento de **Educación e Cidadanía**; transformadores de luz con anuncios da Xornada Profesional Maker Faire, patrocinada pola **Xunta** e polo **Concello de Santiago**; caixas de rexistros eléctricos con propaganda institucional dos encontros "**Ao Vivo, rendición de contas do alcalde**", o **DiverNadal** que se desenvolve no **Pazo de Congressos** ou colantes feministas de **Podemos** son algúns exemplos de publicidade que incorre no mesmo que as que foron sancionadas e que dá conta da necesidade da creación de novos soportes de comunicación para a promoción de eventos que contribúen a dinamizar a axenda cultural, social e política de Compostela.

Fotografía

□ *Nun escaparete, publicidade da Concellaría de Educación e Cidadanía, dirixida por Manuel Dios*